




CIRCO KRASNOVARAK

Non queremos un circo con animais,
por iso os nosos son tan especiais




*Pasen , pasen e vexan...,
anímense a participar desta
aventura sen igual,
coñecerán novos desafíos,
correrán aventuras,
gozarán, alegrarán
os corazóns..., todo... hoxe,
aquí, en cinco minutos...
no “Circo Krasnovarak”,
un circo itinerante,
un pouco delirante...,
onde a única condición é...*

**PASALO EN
GRANDE!**

**INF
O
R
M
A
C
I
O
N
-
X
E
R
A
L**





**P
E
R
S
O
A
L**

6 PERSOAS:

3 manipuladores
de marionetas
inchables xigantes

Un zancudo
"Igor, O Domador"

Unha ciclista
"Nika, A Axudante
do Domador"

Un técnico


MODALIDADE

Espectáculo de rúa
itinerante, pasarrúas.

DURACIÓN

1 hora de espectáculo

MATERIAL



3 camiñantes xigantes: elefante, xirafa e rinoceronte.



Bicicleta



Equipo de son móbil de 1000W cun xerador de 2000W e microfonía inalámbrica.



Material necesario para levar a cabo o espectáculo. Vestuario e caracterización.


SINOPSE

Nika chega puntual, coma sempre, ó punto de quedada, o sitio onde tiña que estar montada a carpa do... “Gran Circo Krasnobarak!”, pero... que acontece?, non hai carpa!, pero é que tampouco está Pepo o pallaso, nin os irmáns trapecistas.... NON HAI NINGUÉN!, Ao intre aparece Igor, o director e domador do circo, e resulta... que temos un problema maior!, os animais do circo...andán perdidos pola cidade!!

Haberá que saír a buscalos!

Coa axuda de todos os nenos, Nika e Igor saen en busca dos seus animais:

o Rino Chino, A Elefanta Samanta, a Xirafa Xosefa e o León Antón! Comeza entón unha divertida tarefa onde irán aparecendo estes simpáticos animais: música, animación, interacción co público, carreiras, tolemias, xincanas, bailes..., unha aventura para pasalo en grande toda a familia!



NE

CE

S


DA

DE


S

TECNICAS


TEMPO



Tempo de montaxe e preparación:
1:30h



Duración do pasarrúas:
1h



Tempo da desmontaxe:
45 Min

CARGA E DESCARGA

Precisamos:

Un lugar onde facer a montaxe e a desmontaxe, libre de circulación de vehículos, de 5x5m.
Un lugar onde estacionar unha furgoneta próximo ao sitio de saída do pasarrúas.

PERSOA RESPONSABLE

Precisamos:
á nosa chegada, unha persoa responsable, con capacidade de decisión, que estea connosco ata o final.




CAMERINOS

Precisamos:
Camerinos onde poder descargar a roupa e elementos dos animadores (zancos, maquillaxes...) próximo ao lugar de saída do pasarrúas, con espazo para seis persoas, con espellos, e augas.




ESTRUTURAS


○ pasarrúas inclúe tres marionetas sendo a máis grande:




Os pasarrúas tamén inclúe unha bicicleta con son das seguintes dimensións:



CONDICIÓNS DO ESPAZO DE ACTUACIÓN



O percorrido debe ser libre de obstáculos e sen demasiada pendente.



As dimensións das rúas deben permitir o paso do carro de son e os animalaliños.



En caso de choiva o pasarrúas non poderá saír e se non chove pero o chan está moi mollado, por seguridade dos animadores, os zancudos non poderán saír con zancos.

* SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL

No caso de agardarmoita xente durante o pasarrúas, ou se hai que pasar por algún tramo de rúa que sexa por estrada..., podería ser necesario que dúas persoas de protección civil a pé acompañasen o pasarrúas para facilitar o seu desenvolvemento.

**¡Moitas grazas amigos por
acompañarnos nesta máxica aventura!**



Trousa